

XORNADA

O ANTROPOCENO E A “GRANDE ACELERACIÓN”. UNHA OLLADA DESDE GALICIA

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Xoves, 23 de novembro de 2017



A finais do mes de agosto de 2016, o grupo internacional de traballo sobre o Antropoceno (AGW) emitiu no *35th International Geological Congress* un informe provisional favorable a que o Antropoceno fose considerado como unha nova época xeolóxica diferenciada do actual Holoceno, que comezou hai 11.700 anos. Aprobouse, así mesmo, que o sinal estratigráfico máis acaído sería o contido en plutonio dos solos como consecuencia das emisións das probas atómicas e que, polo tanto, o seu comezo debería situarse en 1950. Esta nova época representaría, segundo Paul Crutzen (que foi quen propuxo o nome no ano 2000), a etapa en que a actividade humana se convertería nun factor de primeira magnitude na modificación dos procesos xeolóxicos da Terra.

Á marxe do interese científico e da controversia que suscitou esta decisión (centrada sobre todo na delimitación cronolóxica desta época), o certo é que o ano 1950 coincide tamén cos inicios da denominada "Grande Aceleración" (Steffen, IGBP 2004). Isto está en relación co consumo exponencial dos recursos terrestres pola Humanidade, o que, pola súa vez, ten repercusión no cambio en determinados indicadores da saúde ambiental do Sistema Terra.

O conxunto destas dúas nocións (Antropoceno e "Grande Aceleración") amósanos, quizais como nunca se fixera ata agora, o carácter insostible destas relacións entre as actividades socioeconómicas da Humanidade e as respostas do Sistema Terra. A ameaza de sobrepasar determinados límites de sustentabilidade nunca se mirou como tan evidente e tan preto de nós.

Estimamos que estes feitos, motivo de importantes debates e reflexións nos medios académicos nos últimos anos e tamén recollidos con moito interese polos medios de comunicación, tiveron pouca repercusión en Galicia. Por esta razón propónse esta xornada centrada nestes dous temas (Antropoceno e "Grande Aceleración"), moi vencellados entre si, cronolóxica e funcionalmente.

Esta actividade xira arredor de dous eixes. Por un lado, haberá unha presentación da problemática global desta cuestión a cargo de expertos españois e, polo outro, abordarase unha revisión de como cambiaron os indicadores da "Grande Aceleración" (socioeconómicos e do sistema biolóxico) en Galicia.

PROGRAMA

Sesión da mañá

09:45 horas

Presentación

10:00 horas

O Antropoceno: tempo xeolóxico ou declaración política?

Alejandro Cearreta, UPV/EHU-
Anthropocene Working Group

11:00 horas

Pausa

11:30 horas

Mesa redonda

Achega cuantitativa sobre uso e consumo de recursos en Galicia no século XX

Energía. **Xan Doldan**, USC

Adubos. **Lourenzo Fernández Prieto**, USC / **Beatriz Corbacho**, USC

Repoboación forestal pública e produción de madeira. **Eduardo Rico Boquete**, USC

Residuos urbanos e mineiros. **M^a Teresa Barral**, USC

Urbanización. **Xosé M^a Tubio Sánchez**, USC

Auga retida nos encoros. **Francisco Díaz-Fierros**, USC

Sesión da tarde

16:30 horas

A "Grande Aceleración" e os límites do crecemento

Jorge Riechmann, Universidad
Autónoma de Madrid

17:30 horas

Mesa redonda

Achega persoal sobre a degradación do sistema biolóxico galego no século XX

Biodiversidade vexetal. **Pablo Ramil**, USC

Vertebrados. **Carlos Vales**, CEIDA, Xunta de Galicia

O declive dos anfibios e réptiles. **Pedro Galán**, UdC

Paxaros. **Xan Rodríguez Silvar**, SGHN

Biología fluvial. **Fernando Cobo**,
Estación de Hidrobioloxía da USC
"Encoro do Con"

19:00 horas

Debate

20:00 horas

Remate da xornada

ORGANIZA

Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade (CCG)

COORDINA

Francisco Díaz-Fierros Viqueira

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75 % das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA